Na Xerencia de empresas con máis de 10 traballadores só hai un 24,7% de mulleres e nas de menos de 10 traballadores, un 30,3%. Non obstante, cando a muller traballa soa, como autónoma, sen asalariados a porcentaxe chega ao 45,7% e ao 51,4% no caso do comercio.

■ Cadro 5.46

Participación de mulleres en diversos órganos constitucionais. España 2009

	Total	% de Mulleres
TOTAL	137	17,8
Consello do Estado	27	18,5
Consello Xeral do Poder Xudicial	21	33,3
Tribunal de Contas	14	7,1
Defensor do Pobo	1	0,0
Xunta Electoral Central	13	15,4
Consello Económico e Social	61	23,0

Fonte: Elaboración do Instituto da Muller a partir de datos do Ficheiro de Altos Cargos.

A representación feminina en órganos constitucionais como o Tribunal Constitucional, Consello de Estado, Consello Xeral do Poder Xudicial, Tribunal de Contas, Valedor do Pobo, Xunta Electoral Central e Consello Económico e Social, segue sendo baixa, aínda que en progresivo aumento.

A participación máis alta obsérvase no Consello Xeral do Poder Xudicial (33,3%) e no e Consello Económico e Social (23%).

A participación feminina no ano 2008 no Poder Xudicial, era do 47%. Pero a medida que se ascende na carreira xudicial, a porcentaxe diminúe.

En categorías de xuíces/ás a participación é maioritariamente feminina (66,7%), pero solo alcanza o 8,9% no caso de maxistrados do Tribunal Supremo.

5.8 Conciliación entre vida laboral e familiar

Talvez sexa a conciliación entre a vida laboral e familiar un dos maiores condicio- nantes do acceso da muller ao mundo laboral. Os efectos negativos das dificultades de conciliación seguen recaendo sobre as mulleres a falta de repartición equitativa das responsabilidades familiares e a ausencia de infraestruturas axeitadas e suficientes para atender nenos e dependentes contribuíron ao escaso cambio producido.

En Galicia, no ano 2007 (último dispoñible) o 72,7% dos coidados de persoas dependentes son realizados por mulleres, e solo polo 27,73% de homes.

Son as mulleres menores de 45 anos, as que en maior medida se dedican a este labor, mentres que no grupo de homes son os de 65 ou máis anos os que reflicten unha porcentaxe máis alta.

Persoas que coidan dependentes. Distribución segundo sexo e idade. Galicia ano 2007

■ Cadro 5.47

	Porcentaxe			Número		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Menos de 45 anos	23,97	76,03	100,00	7.792,00	24.711,00	32.502,00
De 45 a 65 anos	25,95	74,10	100,00	15926	45.440,00	62.366,00
De 65 ou máis anos	35,89	64,11	100,00	10152	18.137,00	28.290,00
Total	27,73	72,27	100,00	33871	88.287,00	122.158,00

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 30-04-2008.

Excedencias por cuidado de persoas dependentes. España 2009

■ Cadro 5.48

	2008	2009
Ambos sexos	614,00	674,00
Mulleres	82,05	89,61
(Valores en porcentaxe)		

Fonte: Tesourería Xeral da Seguridade Social

O cadro 5.48 móstranos a nivel de toda España, apoiando os datos anteriores, como o 89,61% das excedencias para o coidado familiar son solicitados por mulleres.

Núcleos familiares monoparentais. Galicia

■ Cadro 5.49

	Monoparental masculino	Monoparental feminino	Porcentaxe Monoparentais Femininos
2002	18.646	97.435	83,94
2003	18.702	94.542	83,49
2004	15.153	93.590	86,07
2005	17.156	103.351	85,76
2006	17.224	102.859	85,66
2007	17.210	107.092	86,15

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias 10-12-2008

O cadro 5.49 serve para confirmar o papel da muller como responsable do coidado dos fillos, cunha porcentaxe moi superior de familias monoparentais femininas (86,15% en 2007), fronte ao 13,85% de monoparentais masculinas.

Cadro 5.50

Permisos de maternidade por comunidades autónomas

		2006	2007	2008	2009
Ambos sexos	Total	320.554	331.642	359.160	340.512
	Andalucía	57.709	59.733	65.205	61.135
	Aragón	9.477	8.592	10.595	9.404
	Asturias	4.943	5.254	5.768	5.814
	Baleares	8.231	8.155	8.899	8.403
	Canarias	12.756	13.308	13.420	12.191
	Cantabria	343	3.747	4.204	4.020
	C. León	12.819	13.361	14.480	14.376
	C. La Mancha	10.933	11.507	13.168	12.807
	C. Valenciana	33.391	35.567	37.405	61.323
	Cataluña	60.134	61.705	64.374	6.608
	Extremadura	5.845	5.987	6.874	16.716
	Galicia	14.393	15.403	17.113	55.982
	Madrid	52.547	54.278	59.022	11.321
	Murcia	10.215	10.655	11.725	5.606
	Navarra	5.040	5.325	5.770	2.303
	A Ríoxa	2.101	2.125	2.336	34.470
	País Vasco	15.975	16.264	18.058	17.265
	Ceuta	319	335	354	343
	Melilla	323	341	390	425
% Mulleres	Total	98,35	98,43	98,45	98,32
	Andalucía	98,96	98,99	98,91	98,85
	Aragón	98,10	98,22	98,17	98,28
	Asturias	98,54	98,08	98,40	98,11
	Baleares	98,51	98,32	98,11	98,42
	Canarias	98,57	98,68	98,76	98,70
	Cantabria	97,77	97,81	97,72	97,96
	C. León	97,91	97,87	98,13	97,81
	C. La Mancha	98,77	98,97	98,70	98,70
	C. Valenciana	98,75	98,70	98,88	98,35
	Cataluña	98,26	98,41	98,45	99,02
	Extremadura	98,75	98,85	99,03	98,00
	Galicia	98,14	98,37	98,41	98,19
	Madrid	98,13	98,42	98,46	99,27
	Murcia	99,30	99,37	99,44	95,99
	Navarra	96,13	95,94	95,84	97,83
	A Ríoxa	97,29	97,98	97,65	98,66
	País Vasco	96,59	96,38	96,26	96,28
	Ceuta	98,43	98,81	98,31	99,42
	Melilla	99,07	97,36	99,23	98,59

* O volumen de perceptores de maternidade xestionados polo INEM refírense a novembro.
 Fonte: Instituto da Muller, a partir de datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social.

Cadro 5.51

Excedencias* por coidado de fillas/os

	España		Galicia	
	Total	% Nais	Total	% Nais
2007	34.816	95,75	497	91,95
2008	37.771	96,11	477	100
2009	33.942	95,40	542	92,4

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Tesorería Xeral da Seguridade Social

As excedencias por coidado de fillas/os en Galicia correspondentes ao 2009 móstrannos que neste ano o 92,80% das excedencia por coidado de fillo/a eran solicitadas por mulleres e solo polo 7,20% de homes, aínda que a tendencia dos últimos anos reflicte un leve e inconstante aumento nas solicitudes de homes. En España, nese ano 2009, o 95,9% destas excedencias concedéronse a mulleres, unha porcentaxe superior en algo máis de tres puntos ao de Galicia.

Algo similar acontece cos permisos de maternidade/paternidade. No cadro 51 elaborado polo Instituto da Muller constátase que en Galicia o 98,19% dos permisos foron gozados polas nais e solo o 1,81% polos pais. En España as cifras son similares co 98,30% para as nais e o 1,70% para os pais.

A evolución dende o ano 2004 mostra escasas diferenzas e probablemente se modifiquen en anos posteriores coa aprobación da lei de Igualdade. Os resultados xa se deixaron ver cos 12.788 permisos de paternidade gozados en Galicia en 2009 (273.024 en toda España).

■ Cadro 5.52

Paternidade Xaneiro -Dicembro 2008-2009 Galicia/España

	Nº de procesos 2008	Nº de procesos 2009
España	279.756	273.024
Galicia	12.099	12.788
A Coruña	5.111	5.439
Lugo	1.002	1.144
Ourense	1.082	1.188
Pontevedra	4.904	5.017

Fonte: INSS.

Para completar este apartado incluímos o cadro sobre “Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial” do Instituto de er sobre datos da EPA.

■ Cadro 5.53

Persoas ocupadas a tempo parcial por motivo da xornada parcial. España 2008-2009

		2008	2009
Total		2.479,00	2.470,70
Ambos sexos	Seguir cursos de ensinanza ou formación	278,10	212,40
	Enfermidade ou incapacidade propia	41,60	38,90
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	370,00	330,70
	Outras obrigas familiares ou persoais	238,10	213,30
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	947,80	1.131,80
	Non querer traballo de xornada completa	262,70	246,80
	Outros motivos	332,00	291,90
	Non sabe o motivo	8,70	5,00
Total		80,02	77,62
% Mulleres	Seguir cursos de ensinanza ou formación	60,63	54,94
	Enfermidade ou incapacidade propia	65,63	56,81
	Coidado de nenos ou de adultos enfermos, incapacitados ou maiores	98,22	97,70
	Outras obrugas familiares ou persoais	96,51	94,80
	Non poder encontrar traballo de xornada completa	78,85	75,75
	Non querer traballo de xornada completa	83,21	82,82
	Outros motivos	66,87	64,54
	Non sabe o motivo	79,31	72,00

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

Aínda que os datos non están desagregados por Comunidades Autónomas, parece significativo que do total de persoal que realizan un traballo a tempo parcial por coidado de nenos ou adultos enfermos, incapacitados ou maiores, o 97,70% en 2009 sexan mulleres e o 94,8% do total de persoas traballadoras a tempo parcial con obrigas familiares ou persoais, tamén sexan mulleres.

Destaca, igualmente, que o 75,75% dos que non puideron atopar traballo a xornada completa sexan mulleres e que o 82,82% dos que non queren traballar a xornada completa tamén sexan mulleres, xurdindo a dúbida de se realmente a elección de traballar a tempo parcial é libre ou imposta por un cúmulo de factores externos, algúns deles imperceptibles.

O cadro 5.54 de “Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares” do Instituto da Muller, parece confirmar os datos anteriores, destacando que do total de persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares, o 96,36%, sexan mulleres.

**Persoas inactivas que non buscan emprego por razóns familiares.
España 2008-2009**

■ Cadro 5.54

		2008	2009
Ambos sexos	Total Inactivos	15.292	15.471
	Total Razóns familiares	3.102	2.456
	Coidado de nenos ou de adultos	757	653
	enfermos, incapacitados ou maiores		
	Outras obrigas familiares ou persoais	2.345	1.803
% Mulleres	Total Inactivos	62,10	61,22
	Total Razóns familiares	96,45	96,36
	Coidado de nenos ou de adultos	96,99	97,49
	enfermos, incapacitados ou maiores		
	Outras obrigas familiares ou persoais	96,28	95,95

Fonte: Enquisa de poboación activa. INE. Elaborado polo Instituto da Muller.
Unidade: Miles de persoas.

O abandono do mercado de traballo por razóns familiares, lonxe de diminuír parece que vai aumentando ou se mantén, cun 94,73% en 2007 e 94,62% en 2008. Significativo é tamén, que dos traballadores por conta propia que traballan a tempo parcial, o 63,5% sexan mulleres e das persoas que traballan por conta allea con parcialidade o 79,8% tamén sexan mulleres.

■ Cadro 5.55

Abandono do mercado de traballo por razóns familiares

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005 ^(*)	2006 ^(*)	2007 ^(*)	2008 ^(*)
Ambos Sexos. Datos absolutos (en miles)	108,90	115,60	127,30	116,60	115,10	128,00	241,50	272,60	237,30	193,30
% Mulleres	90,82	93,52	94,66	95,03	93,66	93,67	76,07	95,82	94,73	94,62

Nota: os anos 1998-2004 (IV Trimestres).

(*) Apartir do 2005 os datos que proporciona o INE son medias anuais e por tanto non son comparables cos anos anteriores.

Fonte: Enquisa de Poboación Activa, INE.

Elaborado polo Instituto da Muller.

Finalizamos esta análise da conciliación entre vida laboral e familiar facendo referencia á “Enquisa de Fecundidade 006” o Centro de Investigacións Sociolóxicas. Estas son algunhas das súas conclusións:

- 60% das mulleres afirma que ter fillos é un obstáculo para a súa vida profesional.
- 16,2% das nais que agora contan entre 20 e 49 anos abandonaron definitivamente o traballo pola maternidade e o 28% afirma que a crianza dos fillos limitou as súas oportunidades de promoción laboral.
- O atraso na maternidade debe en boa medida ao número de anos de dedicación ao estudio e ás dificultades económicas que teñen a súa orixe nos postos de traballo precarios aos que acceden as mulleres, cando non están en paro.

A máis estudos, máis traballo, maior atraso na maternidade e menos fillos.

5.9 Salarios

Continuando a tendencia dos apartados anteriores deste capítulo, o sexo parece ser tamén un factor determinante das diferenzas salariais.

O informe da Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008 (últimos datos dispoñibles) reflexa que as mulleres galegas no ano 2008 percibiron un salario medio anual de 14.856 € fronte aos 19.932 € dos home, o que supón que as mulleres percibiron un 25,47% menos que os homes polo seu traballo realizado.

A media total das CC.AA. no grupo de mulleres chegou aos 15.620 €, fronte aos 21.596 dos homes, percibindo o colectivo feminino un 27,67% menos que os homes.

En ambos os dous casos a muller cobra menos que a media, que en Galicia é de 17.736 € e no conxunto do Estado de 18.996 €.

■ Cadro 5.56

Asalariados por CCAA e sexo. 2008

	Total		Mulleres	Homes
	Salario medio anual	%*	Salario medio anual	Salario medio anual
Andalucía	15.592	69,52	12.447	17.903
Aragón	19.850	69,71	15.897	22.804
Ppdo. de Asturias	19.711	67,64	15.498	22.911
Illas Baleares	17.976	77,47	15.512	20.024
Canarias	16.284	81,12	14.418	17.773
Cantabria	19.454	69,21	15.489	22.379
Castela A Mancha	16.947	75,05	14.133	18.832
Castela León	18.605	72,78	15.301	21.024
Cataluña	21.177	71,43	17.365	24.312
Estremadura	14.640	75,39	12.303	16.319
Galicia	17.736	74,53	14.856	19.932
C. de Madrid	24.375	69,61	19.696	28.293
Rexión de Murcia	16.215	73,98	13.409	18.152
A Ríoxa	18.946	73,69	15.719	21.330
C. Valenciana	17.470	72,37	14.341	19.816
Cidade de Ceuta	21.315	68,16	16.520	24.236
Cidade de Melilla	20.907	69,15	16.576	23.847
Total	18.996	72,33	15.620	21.596

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.

Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008.

A evolución con respecto ao ano 2000 tampouco é moi alentadora, xa que en Galicia a diferenza se incrementou en case un punto, pasando do 26,10% de diferenza en prexuízo das mulleres, ao 26,94% en 2006 e 26,28% en 2007. O ano 2008 é o primeiro dos últimos anos no que a diferenza diminúe.

Asalariados por sector de actividade económica e sexo. 2008
Galicia / España. 2008

■ Cadro 5.57

	Total España	Mulleres	Homes	%
Energía e auga	66.860	27.212	39.648	68,63
Industria	34.436	13.734	20.702	66,34
Construción e servizos inmobiliarios	31.362	14.985	16.377	91,50
Comercio	29.782	11.878	17.904	66,34
Transporte e comunicacións	35.069	15.791	19.278	81,91
Hostalaría e restauración	17.434	7.564	9.870	76,64
Entidades financeiras e aseguradoras	63.008	22.797	40.211	56,69
Servizo ás empresas	30.437	12.231	18.206	67,18
Ensino e sanidade	52.528	21.138	31.390	67,34
Outros	38.991	16.974	22.017	77,09
Sen clasificar	24.984	8.959	16.025	55,91
Total	36.452	14.856	21.596	68,79

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home en Galicia.
 Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008.

Neste cadro, apreciamos que as diferenzas salariais non son iguais segundo que rama de actividade económica se trate. As maiores diferenzas aprécianse na rama “entidades financeiras e aseguradoras”, onde a muller gaña un 43,31% menos que o home, seguida de “industria” e “comercio” cunha porcentaxe dun 33,66% menos en contra da muller e de “servizo a empresas” cun 32,82% menos. Estas dúas últimas ramas de actividade son especialmente significativas, xa que concentran un elevado número de asalariadas.

As menores diferenzas atopámolas en “construción e servizos inmobiliarios” onde a muller percibe o 91,50% do salario masculino e “transporte e comunicacións” co 81,91%.

É destacable que ramas de actividade como “ensino e sanidade”, que foron tradicionalmente reservadas ás mulleres e onde os postos de traballo están ocupados maioritariamente por elas, perciban só o 67,34% do salario do home.

Hai que ter en conta que estas diferenzas salariais están provocadas en boa medida por que a muller está contratada nunha maior proporción a tempo parcial, con contratos temporais, que se incorporan máis tarde ao mercado laboral e que interrompen a súa vida profesional para a atención dos fillos ou de persoas dependentes.

Percepcións salariais por tramo de salario e sexo. Galicia / España. 2007

■ Cadro 5.58

	Galicia		España	
	Salario medio anual		Salario medio anual	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
De 0 a 0,5 SMI	1.881	1.828	1.845	1.805
De 0,5 a 1 SMI	6.352	6.378	6.308	6.320
De 1 a 1,5 SMI	10.687	10.623	10.594	10.562
De 1,5 a 2 SMI	14.872	14.494	14.816	14.579
De 2 a 2,5 SMI	18.633	18.769	18.734	18.770
De 2,5 a 3 SMI	22.935	22.875	22.966	22.930
De 3 a 3,5 SMI	27.210	27.327	27.227	27.280
De 3,5 a 4 SMI	31.382	31.483	31.421	31.429
De 4 a 4,5 SMI	35.610	35.636	35.618	35.619
De 4,5 a 5 SMI	39.729	39.457	39.766	39.715
De 5 a 7,5 SMI	50.001	49.397	50.178	49.456
De 7,5 a 10 SMI	71.656	71.289	71.790	71.317
Máis de 10 SMI	128.176	115.650	138.693	120.839
Total	19.932	14.856	21.596	15.620

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e ensións nas fontes tributarias: 2007.

A partir dos datos facilitados por a Tributaria, observamos que en 2008 o 17,59% (86.354 mulleres) tiveron ingresos por salarios inferiores ao 50% de Salario Mínimo Interprofesional (S.M.I.) e o 15,3% tivéronos entre o 50% e o 100% do S.M.I. Isto supón que o 32,91% (33,95% en 2007) de mulleres, no ano 2008, tiveron ingresos non superiores ao S.M.I. Os homes con salarios inferiores ao 50% do S.M.I. foron o 10,44% e con salarios entre o 50% e o 100% do S.M.I. foron o 8,71%.

Cos salarios máis altos acontece á inversa, é unha porcentaxe moi baixa de mulleres as que perciben salarios altos.

A Enquisa Anual de Estrutura Salarial ano 2007 do INE (última dispoñible) confirma os datos anteriores.

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2007.
Encuesta anual de estrutura salarial

■ Cadro 5.59

Ambos os dous sexos	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	17.987,33	19.516,67	14.657,09
Aragón	20.015,81	21.380,50	15.607,55
Ppdo. de Asturias	20.623,81	22.263,50	16.245,53
Illas Baleares	18.886,80	20.267,71	14.868,91
Canarias	17.189,07	18.355,29	13.701,82
Cantabria	18.697,63	19.862,28	15.057,19
Castela A Mancha	17.908,64	19.195,52	14.958,61
Castela León	15.027,97	15.857,26	12.158,55
Cataluña	21.998,10	23.275,66	15.436,60
C. Valenciana	18.547,94	19.623,62	14.555,01
Estremadura	16.298,30	17.751,19	13.262,33
Galicia	17.603,45	18.924,72	13.969,50
C. de Madrid	24.242,08	26.114,02	16.029,80
Rexión de Murcia	17.173,76	18.082,76	14.444,32
Navarra	22.219,46	23.615,11	17.361,60
País Vasco	23.892,65	25.505,13	17.221,15
A Ríoxa	18.860,52	19.754,35	14.668,55
España	20.390,35	21.949,66	15.053,67

Homes	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	20.042,00	22.288,52	15.938,05
Aragón	22.771,23	24.703,09	16.772,12
Ppdo. de Asturias	23.347,87	25.757,85	17.564,67
Illas Baleares	20.846,75	22.667,22	15.501,93
Canarias	18.196,14	19.885,18	14.092,73
Cantabria	21.049,99	22.677,81	16.363,48
Castela A Mancha	19.350,01	21.231,58	15.258,91
Castela León	20.394,78	22.128,50	15.159,15
Cataluña	25.109,98	26.904,91	16.729,04
C. Valenciana	20.518,95	22.032,12	15.407,90
Estremadura	17.279,58	19.222,92	13.626,21
Galicia	19.511,30	21.327,16	14.920,67
C. de Madrid	27.609,53	30.022,22	17.524,62
Rexión de Murcia	19.052,23	20.583,44	14.961,02
Navarra	25.273,34	27.095,27	18.610,58
País Vasco	26.911,37	29.037,47	18.215,69
A Ríoxa	21.179,14	22.350,53	15.619,55
España	22.780,29	24.953,34	16.083,61

Salario bruto anual por tipo de contrato. (Euros). 2007. Encuesta anual de estrutura salarial

■ Cadro 5.59
(continuación)

Mulleres	Total	Indefinido	Duración determinada
Andalucía	14.398,98	15.364,64	11.448,76
Aragón	15.694,24	16.293,59	13.631,19
Ppdo. de Asturias	16.376,95	17.212,72	13.710,96
Illas Baleares	16.627,15	17.487,55	14.149,54
Canarias	15.721,06	16.402,75	12.831,28
Cantabria	14.915,34	15.567,93	12.568,72
Castela A Mancha	15.095,11	15.405,70	14.303,04
Castela León	15.027,97	15.857,26	12.158,55
Cataluña	18.136,60	18.930,77	13.503,25
C. Valenciana	15.567,62	16.164,30	12.985,67
Extremadura	14.553,56	15.372,92	12.465,04
Galicia	15.007,78	15.827,55	12.464,95
C. de Madrid	16.688,59	20.941,23	13.807,53
Rexión de Murcia	14.242,71	14.467,18	13.421,73
Navarra	18.129,02	18.833,36	15.829,67
País Vasco	19.771,83	20.708,79	15.833,20
A Ríoxa	15.637,54	16.127,50	13.377,13
España	16.943,89	17.867,41	13.224,15

*Porcentaxe de salario da muller sobre o salario do home.
Fonte: Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2007.

En Galicia o salario medio bruto anual total en 2007, no colectivo feminino foi de 15.007,78 €. Se distinguimos entre tipo de contrato a media foi de 15.827,55 € para os contratos indefinidos e 12.464,95 € para os de duración determinada e no colectivo masculino foi de 19.511,30€, distribuídos en 21.327,16 € para os contratos indefinidos e 14.920,67 € para os de duración determinada). Isto supón que as mulleres galegas en 2007 percibiron unhas retribucións un 23,08% menor que as dos homes, diferenza que no caso dos contratos indefinidos alcanza o 25,79%.

En España a media salarial bruta das mulleres en 2007, foi de 16.943,89€, fronte aos 22.780,29 dos salarios masculinos, o que reflicte unha diferenza en contra do salario feminino de 25,62% (diferenza maior que en Galicia, que é debida a que os salarios dos homes do conxunto de España son superiores aos da media salarial masculina galega). Nas contratacións indefinidas, esta diferenza, desfavorable para as mulleres chega ao 28,40%.

5.10 Prestacións por desemprego

Os datos proporcionados polo MTASS para a elaboración deste apartado non están desagregados por CC.AA., polo que, aínda que fagamos referencia ás súas táboas estatísticas do 2008, imos utilizar o informe da Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias 2008”.

O nº de perceptoras de prestacións de desemprego, segundo as estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais de Asuntos Sociais do Mº de Traballo e Asuntos Sociais 2009, foi superior ao dos homes, no nivel asistencial e na Renda Activa de Inserción, pero non así no nivel contributivo.

■ 602.493 mulleres percibiron prestación de desemprego, fronte a 1.022.299 homes.

■ 510.581 mulleres percibiron subsidio, fronte a 450.307 homes.

■ 71.142 mulleres percibiron a Renda Activa de Inserción fronte a 24.401 homes.

A media diaria bruta recoñecida a beneficiarios/ás de prestacións de desemprego de nivel contributivo segundo sexo e idade a nivel de todo o Estado é de 27,73 € día no ano 2009 (26,84 € día en 2008). A contía percibida polo colectivo feminino está por debaixo desa media, alcanzando solo 24,88 € día (23,98 € día en 2008), fronte aos 29,41 € do grupo de homes (28,81 € en 2008).

A maior diferenza atopámola no colectivo de mulleres entre 55 e máis anos onde a diferenza de contía media diaria bruta chega a ser de 6,65 € día (mulleres 24,08 € día e homes 30,73 € día).

**Contía media diaria bruta recoñecida a beneficiarios de
prestacións de nivel contributivo. Segundo sexo e idade.
España. 2009**

■ Cadro 5.60

	2009
Homes	
16-19 anos	24,86
20-24 anos	26,83
25-54 anos	29,49
55 e máis anos	30,73
Total	29,41
Mulleres	
16-19 anos	20,54
20-24 anos	22,68
25-54 anos	25,16
55 e máis anos	24,08
Total	24,88
Ambos os dous sexos	
16-19 anos	23,68
20-24 anos	25,41
25-54 anos	27,81
55 e máis anos	28,94
Total	27,73

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de Traballo e pensións nas fontes tributarias.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de a Axencia Tributaria "Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias 2008".

En todas as CC.AA o importe da prestación media anual é inferior no colectivo feminino, 3.044 € (2.911 € en 2007) fronte aos 3.488 € (3.210 € en 2007) dos homes. En Galicia a media anual chegou aos 2.836 (2.710 € en 2007) para as mulleres e aos 3.250 € (3.140 € en 2007) para os homes, polo tanto existe unha diferenza en prexuízo do grupo de mulleres de 414 € anuais como media.

Se comparamos a percepción media feminina en materia de prestacións de desemprego, en 2008, coa media total das CC.AA., observamos que é inferior en 444 € (352 € en 2007) e se a comparación a facemos co total do colectivo feminino as mulleres galegas percibiron 208 € menos que a media de España, ocupando o sétimo posto das prestacións máis baixas despois de, Baleares, Cantabria, Murcia, Estremadura, Asturias e Castela A Mancha. No caso dos homes galegos a diferenza coa media de España, é de 238€

Podemos concluír dicindo que a muller galega percibe só o 87,26% (86,30% en 2007) das prestacións, comparándoas coas percibidas polos seus compañeiros homes, é dicir, percibe un 12,74 (13,7% en 2007) menos. Aínda que levemente, as diferenzas se van acurtando.

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2008**

■ **Cadro 5.61**

	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	3.283	3.504	3.028
Aragón	3.103	3.279	2.880
Ppdo. de Asturias	3.221	3.532	2.816
Illas Baleares	2.878	3.086	2.655
Canarias	3.249	3.469	2.997
Cantabria	2.928	3.128	2.672
Castela A Mancha	2.973	3.082	2.882
Castela León	3.070	3.241	2.852
Cataluña	3.638	3.827	3.414
Estremadura	2.945	3.127	2.746
Galicia	3.051	3.250	2.836
C. de Madrid	3.588	3.787	3.349
Rexión de Murcia	3.022	3.253	2.686
A Ríoxa	3.299	3.504	3.037
C. Valenciana	3.230	3.440	2.965
Cidade de Ceuta	3.230	3.435	3.012
Cidade de Melilla	3.277	3.419	3.126
España	3.285	3.488	3.044

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008

Facendo unha análise da nacionalidade dos perceptores/ás, observamos que cando a nacionalidade é española, a diferenza con respecto aos varóns é superior; chegando a percibir un 13,44% menos, mentres que se a orixe é estranxeira, a diferenza se reduce ata un 6,23% menos.

■ Cadro 5.62

**Pensión medias. Por nacionalidade, sexo e comunidade autónoma.
Nacionalidade española. 2008**

	Homes		Mulleres	
	Desempregados	Prestación media anual	Desempregados	Prestación media anual
Total	1.997.146	3.575	1.849.736	3.093
Andalucía	559.995	3.558	506.484	3.054
Aragón	40.002	3.362	39.919	2.945
Ppdo. de Asturias	46.295	3.585	36.278	2.838
Illas Baleares	55.498	3.182	56.903	2.748
Canarias	123.688	3.535	112.217	3.010
Cantabria	24.269	3.181	19.949	2.713
Castela A Mancha	86.569	3.166	73.672	2.865
Castela León	93.676	3.333	80.286	2.893
Cataluña	273.033	3.966	273.658	3.517
Extremadura	76.778	3.145	71.981	2.752
Galicia	117.679	3.295	111.645	2.852
C. de Madrid	198.026	4.014	197.453	3.452
Rexión de Murcia	59.025	3.479	51.565	2.781
A Rioxa	9.559	3.751	9.838	3.151
C. Valenciana	227.294	3.529	202.096	3.014
Cidade de Ceuta	3.121	3.509	3.188	3.031
Cidade de Melilla	2.639	3.480	2.604	3.142

Fonte: Axencia Tributaria.

A diferenza estriba na nacionalidade de orixe, xa que os homes non españois perciben unhas prestacións sensiblemente inferiores ás dos homes españois (22,55% menos), mentres que as mulleres non españolas, con respecto ás españolas teñen uns ingresos en concepto de desemprego do 16,09% menos.

Esta análise volve reafirmar a idea de que, con independencia da orixe, nacionalidade, formación..., o colectivo de mulleres sempre está por debaixo do de homes.

**Percepcións medias de prestacións por desemprego.
Por sexo e comunidade autónoma do perceptor. Galicia/España. 2008**

■ **Cadro 5.63**

	Total	Homes	Mulleres
	Prestación media anual	Prestación media anual	Prestación media anual
Andalucía	2.813	2.948	2.535
Aragón	2.937	3.098	2.444
Ppdo. de Asturias	2.548	2.694	2.257
Illas Baleares	2.613	2.836	2.290
Canarias	2.994	3.063	2.889
Cantabria	2.527	2.719	2.109
Castela A Mancha	2.677	2.751	2.460
Castela León	2.575	2.686	2.268
Cataluña	3.246	3.455	2.731
Estremadura	2.648	2.718	2.473
Galicia	2.495	2.552	2.393
C. de Madrid	3.031	3.180	2.658
Reión de Murcia	2.691	2.843	2.245
A Ríoxa	2.882	3.048	2.381
C. Valenciana	2.956	3.112	2.608
Cidade de Ceuta	2.899	2.966	2.747
Cidade de Melilla	3.100	3.151	3.031
España	2.937	3.095	2.573

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008.

5.11 Pensións

Para unha primeira análise utilizaremos os datos proporcionados polo Mº de Traballo e A.A. S.S. nas estatísticas do Anuario de Estatísticas Laborais do 2008, últimos dispoñibles desagregados por sexos no momento de finalización deste capítulo. Aínda que os datos non están desagregados por CC.AA, se o están por sexo, polo que nos poden dar unha visión xeral da situación da muller pensionista.

Faremos unha primeira análise das pensións contributivas.

O nº de pensionistas mulleres (3.738.900) en toda España é lixeiramente inferior ao de homes (4.014.200). É máis destacable que se ben no colectivo masculino as pensións de xubilación, que requiren unha cotización previa, supoñen un 80,10% do total, no grupo de mulleres só supoñen un 44,90%, case igual que as de viuvez (43,03%).

En relación co importe medio mensual podemos dicir que no conxunto do Estado, as pensións percibidas polas mulleres en 2008 son 363.41 € menos que as dos homes, ou o que é o mesmo un 38,63% menores (mulleres: 577.37 €, homes: 940.78€). Esta diferenza aínda é maior se comparamos as pensións de xubilación. Así unha pensionista de xubilación muller percibiría 406.14 € menos que os homes.

As pensións de viuvez son lixeiramente superiores no caso das mulleres, cunha media estatal en 2009 de 132,14 € máis.

Se a comparación a realizamos coa pensión media total (tanto por sexo como CC.AA.), as mulleres seguen por debaixo, xa que a media total é de 754.06€ para 2009, fronte aos 577,37 € do grupo de pensionistas mulleres.

■ Cadro 5.64

**Pensión contributivas e importe medio e pensionistas segundo clase, por sexo.
España 2008/2009**

	Pensións				Pensionistas ⁽¹⁾	
	Nº en miles		Importe medio En euros/mes		En miles	
	2008	2009	2008	2009	2008	2009
Homes	4.079,2	4.148,3	898,13	838,83	3.947,2	4.014,2
Xubilación	3.190,3	3.246,8	950,99	885,17	3.158,0	3.215,5
Incapacidade permanente	596,4	603,0	872,75	829,80	593,5	599,8
Viuvedade	152,2	154,7	416,36	396,76	61,1	61,2
Orfandade	132,7	136,0	322,76	299,08	127,2	130,1
Favor familiar	7,6	7,7	397,33	369,00	7,4	7,5
Mulleres	4.311,2	4.383,3	550,84	940,78	3.679,7	3.738,9
Xubilación	1.746,3	1.791,9	565,19	998,56	1.637,2	1.678,8
Incapacidade permanente	310,5	317,8	664,62	903,44	293,7	302,0
Viuvedade	2.097,6	2.115,5	537,19	430,76	1.601,1	1.609,0
Orfandade	126,6	128,1	327,48	336,99	121,1	122,4
Favor familiar	30,2	30,0	435,92	414,99	26,6	26,7
Ambos os dous sexos⁽²⁾	8.390,4	8.531,9	719,68	577,37	7.626,9	7.753,5
Xubilación	4.936,6	5.038,9	814,51	592,42	4.795,2	4.894,3
Incapacidade permanente	906,9	920,8	801,49	694,98	887,2	901,8
Viuvedade	2.249,8	2.270,3	529,01	562,90	1.662,2	1.670,2
Orfandade	259,3	264,2	325,04	342,67	248,3	252,6
Favor familiar	37,8	37,7	428,17	454,97	34,0	34,2

(1) Véxase nota a este cadro en Fontes non explicativas.

(2) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2006. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Se a análise o realizamos observando as pensións segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase, para todo o territorio das CC.AA. en 2008 apreciamos que nos dous colectivos o maior nº de pensións concéntrase no tramo de 450,01 a 700,00 €, pero se ben no grupo de mulleres o seguinte tramo con máis perceptoras é o de 150,01 a 400,00 €, no grupo de homes o seguinte tramo con máis perceptores é o de 700,01 a 1.100,00 €, e nos tramos superiores son maioritarios, e case exclusivos, o nº de perceptores homes.

■ Cadro 5.65

Pensión contributiva, segundo tramos de contía mensual, por sexo e clase. España. 2009

	Total	Ata 150	De 150,01 a 500 !	De 500,01 a 623,99!	De 624,00 a 700!	De 700,01 a 1.100!	De 1.100,01 a 1.500,00!	De 1.500,01 a 1.800!	De 1.800,01 a 2.000!	De 2.000,01 a 2.441,76!	Máis de 2.441,76 !
Homes	4.148,3	65,7	507,7	927,7	513,7	863,6	589,0	287,1	127,1	258,1	8,6
Incapacidade permanente	603,0	3,1	120,00	111,40	56,40	159,2	74,7	31,0	14,3	28,4	4,4
Xubilación	3.246,8	49,0	183,00	770,30	449,30	685,6	507,6	255,7	112,6	229,6	4,1
Viudedade	154,7	5,4	103,60	21,10	6,00	13,5	5,0	0,1	-	-	0,0
Orfandade e favor familiares	143,7	8,3	101,10	25,00	2,00	5,2	1,7	0,3	0,2	0,1	0,0
Mulleres	4.383,3	83,9	1.558,4	1.682,2	211,6	536,5	213,7	46,4	19,3	29,7	1,7
Incapacidade permanente	317,8	2,4	114,20	80,70	19,30	56,8	22,6	8,6	4,2	8,0	1,2
Xubilación	1.791,9	31,9	659,30	722,60	54,50	163,3	89,5	34,5	14,5	21,2	0,4
Viudedade	2.115,5	39,4	677,30	850,80	135,20	309,7	99,4	2,8	0,4	0,5	0,0
Orfandade e favor familiares	158,1	10,2	107,50	28,00	2,60	6,8	2,2	0,5	0,2	0,1	0,0
Ambos os dous sexos⁽¹⁾	8.531,9	149,6	2.066,1	2.609,9	725,3	1.400,1	802,7	333,5	146,4	287,8	10,2
Incapacidade permanente	920,8	5,5	234,2	192,1	75,7	216,0	97,3	39,6	18,5	36,4	5,6
Xubilación	5.038,7	80,9	842,3	1.492,9	503,8	848,9	597,2	290,2	127,1	250,8	4,6
Viudedade	2.270,2	44,8	780,9	871,9	141,2	323,2	104,4	2,9	0,4	0,5	0,1
Orfandade e favor familiares	301,8	18,5	208,6	53,0	4,6	12,0	3,9	0,8	0,4	0,1	0,0

(1) Inclúe non consta sexo.

Fonte: Anuario de estadísticas laborais 2009. Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.

Para poder facer unha análise por CC .AA. e sexo utilizaremos os datos do informe de a Axencia Tributaria “Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008 (últimos datos dispoñibles).

Cabe sinalar que se ben en Galicia, o nº de pensionistas (sen distinción polo tipo de pensión) é superior no colectivo feminino (51,75%), non o son os importes das pensións recibidas. No total das CC.AA. o nº de mulleres pensionistas chega ao 48,22%.

A pensión media anual das mulleres pensionistas en Galicia alcanzou en 2008 os 8.343 €, fronte aos 11.360 € dos homes, o que supón que as mulleres perciben o 73,44% do importe da pensión masculina, ou o que é o mesmo un 26,56 € menos (26,83% en 2007), o que supón unha significativa diferenza (3.017 € menos ao ano).

Se a comparación a facemos coa media total dos/as pensionistas galegos/ás de ambos os dous sexos, as mulleres reciben pensións inferiores á media en 1.456 €; diferenza que se acentúa se o elemento de referencia é a media total de España (ambos os dous sexos), chegando a percibir 2.726 € menos.

A muller galega tamén está en desvantaxe se a comparamos coa pensión media das mulleres do resto de CC.AA., con 691 € menos.

As pensionistas galegas ocupan o segundo lugar das máis baixas, despois de Murcia e Extremadura, mantendo o seu xa mala posición do ano anterior.

Pensión media, por sexo e tramos de pensión. España 2008
■ Cadro 5.66

	Pensionistas mulleres	Pensión media anual	Pensionistas homes	Pensión media anual
Total	387.472	8.343	361.222	11.360
De 0 a 0,5 SMI	53.970	1.729	55.153	1.337
De 0,5 a 1 SMI	75.160	5.750	48.763	5.787
De 1 a 1,5 SMI	198.078	8.095	136.863	8.463
De 1,5 a 2 SMI	28.201	12.505	34.828	12.750
De 2 a 2,5 SMI	12.010	16.390	24.363	16.623
De 2,5 a 3 SMI	6.695	20.002	18.859	20.176
De 3 a 3,5 SMI	3.276	23.846	13.455	23.919
De 3,5 a 4 SMI	2.210	27.699	8.577	27.646
De 4 a 4,5 SMI	3.992	30.885	7.225	31.186
De 4,5 a 5 SMI	2.783	34.179	8.214	34.254
De 5 a 7,5 SMI	789	43.254	3.604	43.558
De 7,5 a 10 SMI	159	63.258	648	62.468
Máis de 10 SMI	149	123.723	670	144.083

Fonte: Axencia Tributaria. Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias: 2008.